

# A Chaira



**«EN HOMENAXE A VARELA, O BELÉN NON TERÁ NOVIDADES»**

El cura Jesús Domínguez es el encargado del nacimiento electrónico begontino, que abre el día 4 > 8 y 9

**JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN** RESPONSABLE DO BELÉN DE BEGONTE

► Este cura, natural de Alba pero afincado en Begonte dende hai anos, herdou hai máis de dúas décadas do seu irmán José, fundador do belén electrónico, a responsabilidade da conservación da posta en marcha deste popular nacemento que marca o comezo do Nadal na Chaira.

«Viñan 'camuflados'  
ó belén para sacar  
fotos e copiar ideas»

POR: **CRISTINA PÉREZ**

**O 4 DE DECEMBRO** inaugúrase una nova edición, e van 39 xa, do belén electrónico de Begonte, onde por primeira vez non haberá novidades en homenaxe ó creador das súas figuras, José Rodríguez Varela, recentemente falecido e que ese mesmo día será nomeado fillo predilecto do concello. Ó pé do cañón continúan as outras dúas patas que sosteñen o belén: o electricista José Luis Varela e o párroco Jesús Domínguez Guizán.

**Hai quen di que a inauguración deste belén marca o inicio do Nadal en Galicia, cre que é certo?**

Si, claro, penso que é o primeiro pregón do Nadal que ten lugar en Galicia. Empezou por pouca cousa, porque ó principio só era para o concello, pero foi collendo popularidade, supoño que a través da prensa e dos concursos.

**José Rodríguez Varela, recentemente falecido, foi un dos grandes promotores do belén, como vai ser este primeiro ano sen el?**

Veremos a ver se imos superando a súa falta e as dificultades que nos atopemos, porque non temos quen faga as figuras. Ó ser artesanais precísase maña e tempo e el tiña unhas cualidades naturais.

**Que legado deixa tras de si?**

Deixa tantas cousas... Era un home bondadoso, xeneroso e servicial. Era calado, non quería estar nunca na primeira fila e non lle daba importancia ó que el facía, aínda que tiña suma importancia. Todos os anos tiña algunha sorpresa que gardaba ata o último día e sempre nos dicía «se é que me sae...». Gardáballe un sitio e saíalle sempre.

**Que lle parece a decisión do Concello de nomealo fillo predilecto?**

Paréceme moi ben, é ideal. El é merecedor desta distinción porque foi un gran promotor do belén e de Begonte a través deste. Se el non fixera as figuras seguro que o belén non estaría onde está.

**O belén inaugúrase o día 4, teñen xa definido o programa de actos?**

Pola mañá, ás 13.00 horas no concello, farase o nomeamento de José Rodríguez Varela como fillo predilecto, coa presenza da súa familia. Pola tarde, ás 18.00 horas lerase o pregón e logo descubrirase a praca do Museo José Rodríguez Varela. Por último, faranse os primeiros pases do belén.

**Quen será o pegoiro deste ano?**

Será Segundo Pérez López, o presidente da Academia Auriense Min-

doniense de San Rosendo, unha persoa que nos pareceu axeitada porque é chairego e pola súa personalidade. É evidente que a súa categoría intelectual é elevada.

**Haberá novidades no belén?**

Non, non hai ningunha, porque quixemos deixalo tal e como o montara José Rodríguez Varela o ano pasado.


**Como lembra os seus inicios?**

O fundador foi meu irmán José e eu quedei á fronte trala súa morte. El vira un na Coruña, na escola de formación profesional de Somo, e de aí sacara a idea, co fin de promocionar a cultura e o espírito navideño, unindo o relixioso co humano. Moitas das obras que se fixeron en Begonte naceron do belén, coma o edificio que o acolle. Fíxoo meu irmán cando aínda non existía o colexio Virxe do Corpiño, porque non había aulas suficientes na escola do centro médico, así que ampliou a parte superior da vella escola e construíu un anexo para dar as clases dos últimos cursos de EXB.


**Que papel xogou vostede neses comezos? E cal é agora a súa responsabilidade?**


Na creación fun un espectador, aínda que colaborei con meu ir-

### Rodríguez Varela

 É moi merecedor do nomeamento como fillo predilecto porque foi un gran promotor do belén e de Begonte a través deste»

### Futuro

 Veremos se podemos seguir, se atopamos xente que teña cualidades para facer figuras que representen o rural galego»



Jesús Domínguez Guizán, no museo do belén electrónico.

## De preto

«No belén tivemos visitas do máis inesperado, coma uns xaponeses»

### **Hai algunha visita do belén que lembre especialmente?**

Ten vido xente de toda España e tamén do máis inesperado porque ata viñeron uns xaponeses.

### **De todas as pezas e figuras, ten algunha favorita?**

Gústanme todas, pero quizais as que máis as dos os ferreiros, porque están moi ben realizadas.

### **Seu irmán, José Domínguez Guizán, foi o gran impulsor do belén, como lembra a súa figura?**

Era unha persoa inqueda e creativa. A el preocupábalo moito a promoción relixiosa e cultural de Begonte.

### **Foi el decisivo á hora de orientar os seus pasos cara á Igrexa?**

Sen dúbida que si, porque a familia sempre inflúe, pero eu xa tiña vocación dende neno.

### **A onde o conduciron os seus pasos como sacerdote?**

Estiven dous anos en Abadín e logo vin para Begonte, onde Felmil e Damil foron as miñas primeiras parroquias. Hoxe levo seis en total, esas dúas máis Begonte, Illán, Valdomar e Trobo, e non queda tempo para moito.

### **E como se organiza, sobre todo cando funciona o belén?**

Hai un sacerdote, Manuel Castro de Carral, que me axuda.

### **O Nadal, é a mellor época do ano?**

Por suposto que si, porque é esa época na que un se move máis polos sentimentos e tamén é unha época para o recordo.

### **infantil e poesía?**

Todos naceron para promocionar o belén e manter o espírito navideño e relixioso. O belén nos primeiros anos só duraba cinco minutos e estaba aberto só no Nadal, dende pouco antes de Noiteboa ata Reis.

Logo foise alongando, sobre todo polo número de visitas, que non se podían atender só nestas datas.

### **Como é o día a día nos dous meses que está aberto?**

Antes do Nadal, as mañás dos días laborais están practicamente ocu-

padadas polas visitas dos colexios, porque a maioría prefiren vir antes. No Nadal e ata pasar as festas veñen familias e despois, algún colexio e xente que prefire deixar pasar esas datas para velo con máis comodidade. Antes e despois do

Nadal abrimos pola mañá, de dez a unha, e pola tarde se hai unha reserva. No Nadal funciona de dez a unha e de tres a sete.

### **Que é o que máis sorprende?**

O movemento das figuras, porque o seu mérito é que están moi aproximadas á realidade e representan as aldeas de Galicia. Conseguir que se movan non é difícil, pero que pareza real si que o é. Houbo un tempo no que viñan 'camuflados' para sacar fotografías e copiar ideas. De feito, no comercio apareceron figuras copiadas de aquí, pero nunca os movementos estiveron logrados dunha maneira tan perfecta.

### **Vén xente de todas as idades, pero os nenos son un dos grandes protagonistas, que é o que resulta máis atractivo para eles?**

Unha das cousas máis atractivas é a neve, e os reis, evidentemente. A min tamén me chama a atención o ben que lle fai a algunhas persoas, porque veñen os avós e gozan un montón vendo as figuras dos traballos que eles facían cando eran nenos e logo explicarllo ós seus netos.

### **Este Nadal o belén cumpre 39 anos, que cambiou neste tempo?**

Practicamente nada, cambiou a asistencia, porque no primeiro ano non sei se chegarían a mil as persoas que pasaron por aquí e agora cada vez vai sendo maior a asistencia, porque o que vén unha vez ten que repetir. Había xente que viña para ver as novidades así que nós atendíamos a ver cales funcionaban e eliminabamos as que non, poñendo outras no sitio. Este belén axudou a promocionar o belenismo, porque era unha tradición abandonada e agora hai beléns por todas partes.

### **Que lle falta?**

Faltar sempre falta algo, pero agora o que nos falta é o creador das figuras.

### **Que futuro lle espera a este nacemento?**

Veremos a ver se podemos continualo e se encontramos xente que teña cualidades para poder facer figuras que representen a Galicia e ó rural galego, para poder manter a tradición do belén de Begonte.

mán. Mentres el viviu estiven nun segundo plano e dende a súa morte, no 1986, dedícome a conservar e manter o que el deixou feito.

**Cales foron as razóns que os levaron a crear os certames paralelos ó belén, de arte, xornalismo, debuxo**